

B.3. UNIDADE 7 AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS

DEFINICIÓNS

1.-ESTADO: Territorio independente e cunha organización política, económica, social e cultural propia.

2.-CIVILIZACIÓN: Nome que recibe unha sociedade complexa, é dicir, aquela que presenta unha organización política, social, económica, relixiosa e cultural.

3.-CÓDIGO DE HAMMURABI: Primeiras leis coñecidas da Historia. Recibe este nome porque foi redactada durante o reinado de Hammurabi de Babilonia.

4.-ESCRITURA CUNEIFORME: Tipo de escritura que representa sílabas e palabras a través de caracteres en forma de cuña, realizados sobre táboas de arxila. Orixinaria de Mesopotamia.

5.-ESCRITURA XEROGLÍFICA: Tipo de escritura que expresa ideas a través de palabras e signos silábicos en forma de debuxos. Os soportes empregados para este tipo de escritura foron o papiro e a pedra. Orixinaria de Exipto.

6.-HIPOXEO: Tumba escavada nos cantís das beiras do Nilo. Tiña forma de galería subterránea.

7.-MASTABA : Construción funeraria en forma de pirámide truncada..

8.-MITOLOXÍA : Conxunto de relatos fabulosos sobre a vida dos deuses ou os heroes. Creados explicar elementos da realidade cotiá que non eran quen de explicar recorrendo ao pensamento racional.

9.-POLITEÍSMO: Crenza na existencia de varios deuses.

10.-LUGAL: en Sumeria denomínase así ao líder é dicir a gobernante máis importante dunha cidade estado